

I 2º CONCURSO DE TRABALLOS FIN DE GRAO ARREDOR DA EDUCACIÓN SOCIAL

tfg.eduso



O Ceesg convoca o 12º CONCURSO DE TRABALLOS FIN DE GRAO ARREDOR DA EDUCACIÓN SOCIAL, que leva o nome de "TFG.eduso" para recoñecer a calidade dos traballos realizados dende as aulas.

A devandita convocatoria consiste nun concurso anual de **traballos fin de grao realizados por estudantes de Educación Social** das universidades galegas e da Universidade Nacional de Educación a Distancia, premiándose aqueles que afonden nunha área de estudo ou intervención da Educación Social e que promovan os piares básicos nos que se asenta o ideario do Colexio: identidade profesional, ética persoal e profesional, xustiza social e real, perspectiva feminista, cultura e lingua galegas, e benestar e calidade de vida.

I. Sobre os traballos a presentar.

Poderán presentarse ao concurso os TFG matriculados nas universidades galegas ou nalgún centro da UNED en Galicia no **curso académico 2024/2025** que:

- Obtivesen unha cualificación igual a superior a 8.
- Estean redactados e, de ser o caso, defendidos **en galego**. O alumnado da UNED que tivese que presentar o traballo obrigatoriamente en castelán, poderá presentarse a este concurso traducindo previamente o traballo a galego.

MODALIDADES

Establécense dúas modalidades:

- **Educación Social Escondida:** para aqueles TFG que traten novos ámbitos de proxección profesional ou metodoloxías novidasas e inclusivas.
- **Educación Social Estendida:** poderán presentarse nesta modalidade aqueles TFG que investiguen acerca dos ámbitos e temáticas tradicionais da Educación Social.

2. Forma de presentación e envío.

Os traballos terán que ser enviados por correo electrónico en **formato dixital** editable (.doc ou .odt), de forma que permita a posterior adaptación para a súa publicación, a ceesg@ceesg.gal, co asunto **“Concurso tfg.eduso 24/25”**.

Na mensaxe de correo-e deberán incluírse os seguintes documentos anexos:

- **Solicitud de participación** (Anexo 1).
- **Declaración xurada** (Anexo 2) que acredite a propiedade intelectual da persoa autora, que o TFG foi defendido no curso académico correspondente, así como a cualificación outorgada, que deberá ser igual ou superior a 8. A titora ou titor acreditará estas condicións mediante visto e prace da declaración xurada¹.
- **Xustificación da modalidade escollida** (Anexo 3).
- **Traballo adaptado ao concurso:** o TFG debe manter estritamente o texto presentado na Universidade, mais omitindo: os datos persoais da persoa autora do traballo e do titor/a (nome, apelidos, DNI, teléfono, enderezo, etc.), así como os da Universidade onde o presentou. A presenza de elementos identificativos no traballo será motivo de descalificación pois é o arquivo que se utilizará para a valoración imparcial do xurado.
- **Traballo completo:** TFG íntegro, incluíndo os datos identificativos. Será o arquivo que se utilice para a súa publicación, no caso de resultar seleccionado.
- **Anexos do traballo:** poderán incluírse no mesmo documento do traballo ou enviarse por separado, debidamente numerados, nun arquivo winzip ou similar. Estes anexos tampouco deberán incluír datos identificativos de ningún tipo.

3. Prazo de presentación.

O prazo de presentación será dende o día **15 de xuño ata o 15 de novembro de 2025** (ambos incluídos).

Confirmarase por correo-e a recepción do traballo.

É responsabilidade da persoa participante a revisión dos traballos e enviar a documentación completa para poder participar. Non obstante, se dende a secretaría técnica do concurso se detectase algún erro, será notificado e poderá subsanarse en calquera momento mentres estea aberto o prazo de solicitude. Se o erro fose notificado fóra deste prazo, poderá subsanarse no prazo de 3 días dende a notificación.

4. Xurado.

¹ Se non fose posible presentar o documento asinado pola persoa titora, aceptárase certificación académica da nota acadada no TFG.

Procurarase que o xurado estea formado por 5 persoas, con representación da Universidade da Coruña, Universidade de Santiago, Universidade de Vigo, Universidade Nacional de Educación a Distancia, e Ceesg. Solicitarase ás universidades a designación dunha persoa representante para formar parte do xurado. As persoas que teñan titorizado algún dos traballos presentados a concurso non poderán participar como integrantes do xurado.

Desde a Secretaría Técnica do concurso enviaranse ao xurado os TFG presentados sen datos identificativos da autoría, da titora ou titor e da Universidade, para manter o anonimato.

5. Criterios de avaliación.

Para a selección dos proxectos gañadores, o Ceesg establece os seguintes criterios e sistema de votación do xurado:

1. **Claridade:** Corrección lingüística; Uso dunha terminoloxía apropiada ao ámbito disciplinar e profesional; uso dunha linguaxe non sexista; calidade da redacción e capacidade argumentativa; utilización de fontes bibliográficas axeitadas, diversificadas, actualizadas e ben identificadas; calidade da presentación.
2. **Diálogo entre teoría-práctica.** Calidade da reflexión e argumentación teórica desde o marco da Pedagogía-Educación Social; coherencia interna teórico-práctica; profundidade.
3. **Pertinencia e impacto social.** Innovación; creatividade; viabilidade; incorporación de metodoloxías inclusivas promotoras da participación e autonomía das persoas, grupos ou comunidades e de maiores cotas de xustiza social.
4. **Adecuación á modalidade escollida.** Pertinencia do traballo en relación á modalidade atendéndose á argumentación presentada no Anexo II.
5. **Desenvolvemento das funcións e competencias profesionais.** Descrición de elementos que axuden a visibilizar o perfil profesional en relación ao ámbito escollido e seguindo os documentos profesionalizadores (funcións, competencias, deontoloxía e ética), ou incidan na mellora da formación académica.
6. **Metodoloxía:** Rigor metodolóxico na abordaxe da temática obxecto de estudo. Fundamentación teórica e uso adecuado de métodos e técnicas de investigación, cuantitativos ou cualitativos, no caso de estudos con base empírica.

Son un total de 6 criterios, aos que se lles dará a seguinte ponderación máxima:

criterio 1 = 1,5 ptos.
criterio 2 = 1,5 ptos.
criterio 3 = 2,5 ptos.
criterio 4 = 0,5 ptos.
criterio 5 = 2,5 ptos.
criterio 6 = 1,5 ptos.
TOTAL: 10 ptos.

Valorarase individualmente cada traballo polos membros do xurado, e calcularase o promedio de puntuación. En caso de empate, eliminaranse do cálculo as puntuacións individuais do xurado máis alta e máis baixa en cada un deles. De persistir o empate, o xurado debe acadar consenso baseándose nos criterios que consideren adecuados.

O concurso pode quedar deserto.

O xurado emitirá acta que incluíra a puntuación de todos os traballos.

6. Premios.

Premiarase un TFG por modalidade:

- a. **Modalidade ES Escondida.**
- b. **Modalidade ES Estendida.**

O premio para cada unha das modalidades será:

- **publicación do traballo en formato físico (CD ou libro) ou electrónico (web institucional).**
- **primeira cota de colexiación gratuíta.** ²
- **participación gratuíta en dúas accións formativas do Ceesg.** ³

O xurado poderá facer **menção especial a un traballo** que destaque especialmente a pesar de que a súa puntuación baseada nos criterios de valoración non sexa suficiente para resultar premiado.

Os TFG non premiados son susceptibles de publicación, sempre e cando cumpran cuns mínimos de calidade e relevancia.

No caso de que os traballos premiados inclúan datos persoais ou que permitan a identificación de persoas colaboradoras dos traballos, o Ceesg requirirá á persoa autora que realice as modificacións debidas para anonimizar calquera dato, no caso de que o consentimento informado de tratamento de datos persoais utilizado durante a realización do traballo non contemplase a finalidade da publicación.

O Ceesg resérvase o dereito de manexo e publicación da información recompilada nos distintos TFG presentados ao concurso, mencionando e recoñecendo a autoría dos mesmos.

Quen se presenta a este concurso, acepta as bases que aquí se recollen.

² Para a aplicación da gratuidade na primeira cota colexial, a colexiación deberá realizarse no prazo de 6 meses dende a notificación do premio. No momento da alta colexial, a persoa debe notificar esta circunstancia. En caso de que a persoa gañadora se colexiasse con anterioridade á notificación do premio, descontarase o importe da cota semestral seguinte. No caso de nova alta, aplicarase á primeira cota de mantemento, independentemente de que corresponda a un semestre completo ou parcial.

³ Aplicable a formacións organizadas e impartidas integramente polo Ceesg, celebradas no prazo de dous anos dende a notificación do premio.

Para máis info: Tlf. 981 55 22 06 ou ceesg@ceesg.gal

Ceesg, maio de 2025

ANEXO I**12º CONCURSO DE TRABALLOS FIN DE GRAO ARREDOR DA EDUCACIÓN SOCIAL****SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

Nome	
Apelidos	
DNI	
Correo-e	
Teléfono	
Enderezo	
Título do traballo	
Universidade	
Titor/a do traballo	
Nota académica do traballo ⁴	

Información básica sobre protección de datos de carácter persoal	
En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos infórmase á persoa interesada do seguinte	
Responsable	Identidade: Colexio Oficial de Educadoras e Educadoras Sociais de Galicia CIF: Q1500270B Enderezo: Rúa Lisboa 20 baixo C, 15707, Santiago de Compostela (A Coruña) Teléfono: 981552206 Correo electrónico: ceesg@ceesg.gal DPO: Cecilia Barros Díaz / Correo electrónico: dpd@ceesg.gal
Finalidades	Tramitar a súa participación no 10º CONCURSO DE TRABALLOS FIN DE GRAO ARREDOR DA EDUCACIÓN SOCIAL. Comunicación dos premiados e entrega de premios, xestión fiscal e contable dos mesmos.
Lexitimación	RXPD: art. 6.1. Consentimento da persoa interesada, execución dun contrato. LO 3/2018, de 5 de decembro, PDPGDD. Estatutos do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia. Lei sobre Colexios Profesionais Lei de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia. Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. Lei 1/2001, de 22 de xaneiro, de Creación do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.
Colectivo	Persoas que desexen presentarse aos concursos do CEESG. Membros do xurado.
Categorías de datos	Nome e apelidos, correo electrónico, teléfono, datos académicos, título do TFG, declaración xurada de autoría.
Cesións	Non se cederán os datos a terceiros, salvo o seu consentimento expreso ou as excepcións previstas pola normativa vixente (compañías de seguros, Axencia Tributaria, Consello Xeral de Colexios de Educadoras e Educadores Sociais) ou existencia de empresas ás que a entidade encomende a xestión dalgún dos tratamentos. No caso de que se precise facer transferencia internacional de datos fora do Espazo Económico Europeo, as transferencias internacionais dos datos estarán amparadas polo RXPD ou polo Acordo EU-US Privacy Shield.
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión e dereito ao esquecemento, limitación do tratamento, portabilidade, oposición, reclamación ante a AEPD, non ser obxecto de elaboración de perfís. Dereito a revocar o consentimento prestado.
Máis información	Máis información no CEESG.

⁴ Esta nota ten que ser igual ou superior a 8.

ANEXO 2

12º CONCURSO DE TRABALLOS FIN DE GRAO ARREDOR DA EDUCACIÓN SOCIAL DECLARACIÓN XURADA

Eu _____, con DNI _____, e
estudiante/titulada(o) de Educación Social,

DECLARO baixo a miña responsabilidade que o TFG que leva por título _____ e presento
a este concurso “tfg.eduso” é da miña autoría, sendo froito da investigación realizada durante o
curso académico 2024-2025, baixo a titoría de D./Dna. _____.

O traballo foi presentado con data _____, recibindo unha
cualificación final de _____⁵.

E para que conste, asino a presente declaración en _____, a ____ de
_____ de 2025.

Asdo.

Vº. e praxe.

A persoa interesada

A titora-titor

Información básica sobre protección de datos de carácter persoal	
En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos infórmase á persoa interesada do seguinte	
Responsable	Identidade: Colexio Oficial de Educadoras e Educadoras Sociais de Galicia CIF: Q1500270B Enderezo: Rúa Lisboa 20 baixo C, 15707, Santiago de Compostela (A Coruña) Teléfono: 981552206 Correo electrónico: ceesg@ceesg.gal DPO: Cecilia Barros Díaz / Correo electrónico: dpd@ceesg.gal
Finalidades	Tramitar a súa participación no 10º CONCURSO DE TRABALLOS FIN DE GRAO ARREDOR DA EDUCACIÓN SOCIAL. Comunicación dos premiados e entrega de premios, xestión fiscal e contable dos mesmos.
Lexitimación	RXPD: art. 6.1. Consentimento da persoa interesada, execución dun contrato. LO 3/2018, de 5 de decembro, PDPGDD. Estatutos do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia. Lei sobre Colexios Profesionais Lei de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia. Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. Lei 1/2001, de 22 de xaneiro, de Creación do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.
Colectivo	Persoas que desexen presentarse aos concursos do CEESG. Membros do xurado.
Categorías de datos	Nome e apelidos, correo electrónico, teléfono, datos académicos, título do TFG, declaración xurada de autoría.
Cesións	Non se cederán os datos a terceiros, salvo o seu consentimento expreso ou as excepcións previstas pola normativa vixente (compañías de seguros, Axencia Tributaria, Consello Xeral de Colexios de Educadoras e Educadores Sociais) ou existencia de empresas ás que a entidade encomende a xestión dalgún dos tratamentos. No caso de que se precise facer transferencia internacional de datos fora do Espazo Económico Europeo, as transferencias internacionais dos datos estarán amparadas polo RXPD ou polo Acordo EU-US Privacy Shield.
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión e dereito ao esquecemento, limitación do tratamento, portabilidade, oposición, reclamación ante a AEPD, non ser obxecto de elaboración de perfís. Dereito a revocar o consentimento prestado.
Máis información	Máis información no CEESG.

⁵ Esta nota ten que ser igual ou superior a 8.

ANEXO 3

12º CONCURSO DE TRABALLOS FIN DE GRAO ARREDOR DA EDUCACIÓN SOCIAL

XUSTIFICACIÓN DA MODALIDADE ESCOLLIDA

Título do traballo:

--

Modalidade escollida:

☐ Educación social escondida

☐ Educación social estendida

Xustificación:

--

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

1. Responsable

- **Identidade:** Colexio Oficial de Educadoras e Educadoras Sociais de Galicia
- **CIF:** Q1500270B
- **Enderezo:** Rúa Lisboa 20 baixo C, 15707, Santiago de Compostela (A Coruña)
- **Teléfono:** 981552206
- **Correo electrónico:** ceesg@ceesg.gal
- **DPO:** Cecilia Barros Díaz / **Correo electrónico:** dpd@ceesg.gal

2. Finalidades

Con que finalidades tratamos os seus datos?

Trataremos os seus datos coa finalidade de tramitar a súa participación nos concursos organizados polo CEESG. Comunicación dos premiados e entrega de premios.

Canto tempo conservaremos os seus datos?

Os datos persoais proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación a normativa sobre arquivo histórico e custodia de documentación.

3. Lexitimación

- RXPd: Artigo 6.1 Consentimento da persoa interesada, execución dun contrato.
- LO 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Estatutos do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.
- Lei sobre Colexios Profesionais.
- Lei de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Calquera outra á que estea sometida o CEESG.

4. Cesiões

A que destinatarios se comunicarán os seus datos?

Os datos non serán comunicados a terceiros, salvo consentimento expreso ou obriga legal que así o esixa. En xeral, á Administración Tributaria, ao Consello Xeral de Colexios de Educadoras e Educadores Sociais, aos bancos, ás entidades aseguradoras, así como a calquera outra Administración Pública con competencia na materia, aos encargados do tratamento que se encarguen da xestión dalgunha parte do tratamento.

5. Dereitos

Cales son os seus dereitos?

Ten dereito a obter confirmación de se estamos tratando os seus datos persoais, a acceder a eles, actualizalos, rectificar datos inexactos ou solicitar a súa eliminación cando os datos xa non sexan necesarios.

En determinadas circunstancias previstas no artigo 18 RGPd poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso só os gardaremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderán opoñerse, por razóns relacionadas coa súa situación particular, ao tratamento dos seus datos. Tes dereito a opoñerte ao perfilado. De cumprirse os requisitos do artigo 20 RGPd, vostede ten dereito a solicitar a portabilidade dos seus datos.

Como consecuencia da aplicación do dereito á supresión ou oposición ao tratamento de datos persoais no contorno en liña, os interesados teñen dereito a ser esquecidos segundo a xurisprudencia que determine o Tribunal de Xustiza da UE.

Como pode exercer os dereitos?

- Mediante un escrito dirixido á dirección do apartado primeiro desta información.
- Mediante correo electrónico dirixido ao e-mail do apartado primeiro desta información.
- Mediante correo electrónico dirixido á Delegada de Protección de datos.

Que vías de reclamación existen?

Se considera que os seus dereitos foron atendidos debidamente, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, con datos de contacto:

- **Enderezo postal:** C/Jorge Juan, 6, 28.001-Madrid
- **Páxina web:** www.aepd.es
- **Teléfono:** 901 100 099
- **Sede electrónica:** <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>

Que categorías de datos pode tratar a entidade?

O CEESG tratará os datos que nos subministre, que poden ser datos das seguintes categorías:

- | | |
|------------------------------------|---------------------|
| • Datos de carácter identificativo | • Firma electrónica |
| • Nome | • Académicos |
| • Apelidos | • Titulación |
| • Teléfono | • TFG |
| • Correo electrónico | |
| • Firma | |